

# A. NOSA. TERRA

## BOLETIN DECENAL

Idearium das Irmandades da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

### PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña ó mes, 40 cts. | Fora trimestre, 1'50 ptas.  
Coste d'un número, 15 > | América id... 2

PAGO ADIANTADO

### NUMERO 109

A CRUÑA 1 DE XANEIRO DE 1920

### Redacción e Administración:

PLAZA DE MARIA PITA, 17, BAIXO  
(Irmandade da Fala)

1920

Entramos no aninovo. Despois que a caixa de Pandora foi aberta co'as maos de Marte e tódol-os males e doenzas pechados dentro d'ela téñense espallado pol-o mundo adiante, trás un ano de paz—comenzo d'unha nova guerra irregular, que inda ninguén sabe a onde levará â civilización— saudamos aos nosos irmaos c'o fondo agarimó de sempre.

Pódese dicir, quizais, que hoxe sô dous «motivos» fundamentaes abalan o corazón da humanidade: o nacionalismo i-o obreirismo—chá-mese sindicalismo ou socialismo,—e nada fora d'isto importalle xa âs xentes no que fai â vida i-o goberno dos pobos. A «oclocracia»—ensaiada por Rusia—y a democracia afincada na persoalidá natural das terras que costituye pleito universal, cada vez mais vivo e latexante.

Pra orgaizar lóxicamente as sociedades humanas, que arelan un porvir glorioso forxado n'unha cultura orixinal, é preciso impôr o trunfo da idea nacionalista.

Nós, pois, como homes do noso tempo; nós verdadeiros «primitivos» d'unha Galicia grande, forte e libre; nós raiz da arbre xenealóxica d'unha aristocracia popular—disimúlesenos a paradoxa—afincada no sentimento e na razón, falamos hoxe, ao entrarmos no aninovo, pra dicirilles ôs nosos irmaos na causa da libertade galega, que por riba de todo e inxente de todo imos camiño de conquistar a vitoria. Mais porque non somos «precursores» de nada, porque somos primitivos, según dixemos enantes — ou o qu'e o mesmo creadores da espresión d'unha nova táboa de valores, cuia esencia ten xeito d'eternidade.

Posêmos a vontade creadora eiquí onde ninguén fixo cousa propia ende xamais dend'os tempos de Gelmírez; eiquí onde todo é imitación e servismo i-escravitude moral. Eiquí onde até os mais cultos somente merecerían en xustiza o nome de pantallas refrexadoras de sentimentos e pensamentos alleos.

Levamos tres anos de vida ou pouco máis, e xa a ponte da nova Galicia—qu' é dicir da verdadeira e única Galicia—vai resellando con feridas fondonísimas na carne moza—sulcos d'arado adrede pra sementare o credo santo que trasustanciou o clásico ¡sursum corda! no barudo i-enxebre ¡TERRA A NOSA!

Somos a abrevatura esgrevia d'un pobo durmiñento ¡escravo que rexurde â libertade, nai do progreso! ¡Irmaos galegos, saude e patria!

# Na morte d'un nazonalista euskaro

## Eu s6n separatista

No c6rce hespa6ol de Larrinaga (Euskadi) morreu fai poucas datas o xoven nazonalista Emilio Orbe.

Por dar herros de liberdade pr6a terra que t6n dereito a ela; por expresar en v6z alta os seus xustos desexos, foi zampado na prisi6n, e tratado de xeito que non t6n xustificaci6n nin fal6ndose da besta human.

Cheg6u a tanto o ensa6namento dos defensores do centralismo c'o enemigo da escravitude, que nin siquera puido a familia no derradeiro instante atendelo, nin lle foi dado pecharlle os ollos 6 deixar de eisistir.

Cometeuse ese crime en defensa do que eles chaman «unidade patria».

N'estes tempos que vivimos, en que o termo da guerra europea adiantou o desenrolo das mais atrevidas teor6as sociais, en que vemos chegar ao goberno dos pobos os ide6as tidos por disolventes e que vemos como se consolidan pase6namente, en estes tempos digo, siquese na Hespa6a un r6xime inquisitorial asesinando en nome da lei escrita, 6s ap6stoles dunha causa nobre e xusta, dunha causa patri6tica. M6rren nos c6rces os defensores e propagandistas da grandeza e prosperidade dos Estados que forman a Hespa6a.

Op6nse o centralismo en n6me da unidade patria, 6 progreso dos Estados que forman a Hespa6a, sin ter en conta que o progreso das partes 6 o progreso do todo, e que neg6ndolle liberdade 6s partes hai que sost6r a integraci6n do todo por medio da violencia, gobernando dictatorialmente con despotismo. Non queren ver que Hespa6a non 6 unha realidade considerada como naci6n indivisible, sin6n que 6 unha ficci6n produto dun xuntoiro de pobos distintos pol-a xeograf6a, a historia, a raza e a l6ngua, cuio vencello se sost6n pol-a sinraz6n da forza. Non queren decatarse de que en tempos non moi lonxanos, desfar6se este xuntoiro pol-a violencia si se oustianan en negarlle compreta autonom6a 6s distintas nazonalidades ib6ricas, impedindo d'esta maneira que unha v6s ceibes, constitu6sen a uni6n dos pobos ib6ricos que resultaría indestru6tible por ser xuntoiro d'amore feito por pobos libres e afins, que traballando cada un pr6o medro propio, atopar6an na m6tua axuda, sin d6bida, neces6ria e obrigada, todol-os elementos precisos para un m6tuo prosperare.

Estonces Hespa6a ser6a grande; e tam6n estonces non pasar6amos a d6r e a

vergo6a de vermos morrer no c6rce, como lle acontec6u a Emilio Orbe, 6s mellores hespa6oles, que ser6an colmados de gabanzas 6 honores cal corresponde 6s benem6ritos da P6tria.

Entramentras non conquiramos pol-a raz6n ou pol-a forza a liberdade que se nos detenta, eu non quero ser hespa6ol. Far6me s6dito portugu6s, pois mais quero estar rexido pol-as leises d'un pa6s irm6o que pol-as d'un mais madrasta, feitas 6stas por servidores par6dit6s d'un centralismo podre.

Si pra levar esta irrevocable determinaci6n a cabo, topase algunha dificultade por falla d'os requisitos necesarios pra adequirir 6 cidadan6a portuguesa, non por eso non deixar6i de ser hespa6ol, posto que est6u decidido a renunciar a sel-o inda que legalmente fique sin P6tria.

¿Home sin patria? ¿Qu6 me importa!

A mi6a y-alma non tivo, t6n nin ter6a mais patria que Galizia. Por vela ceibe xur6u, i-est6a disposta 6s maiores sacrificios.

O meu corpo, non estar6a no adiante, sometido a outras leises que as que Galizia ceibe lle impo6a.

Xa vedes como sendo, legalmente oxe home sin patria, ser6i o primeiro cidad6n gallego ceibe na Galizia escrava.

E agora pra facer punto, dir6ivos irm6ns de Euskadi, que o voso pranto, e-a d6r vosa chega e entra en nosoutros; pero como dixi moi ben fai pouco tempo, un querido irm6n e amigo, Ram6n Villar Ponte, deixemos a un lado estas man6festaci6ns sentiment6as e po6amos no seu sitio carraxe e fortes xuramentos de venganza.

C'oa morte do nazonalista Orbe, d6ubos o est6pido centralismo un m6rtir, e a lembranza do martirio d'el servir6a pra vosoutros d'acucio na loita pol-a causa en que alcontr6u a perpetuidade gloriosa do seu nome.

IGNACIO RODRIGUEZ.

Madri, mes de Nadal do 1919.

## UN ERRO

Por un erro de imprentaci6n, a fermosa poes6a «Os meus enemigos» que publicamos no derradeiro n6mero, sa6u sin a firma do se6 autor. E' iste o inspirado poeta vigu6s Avelino Rodr6guez El6as, noso distinto colaborador.

## XENTE DE FORA

# Walt Whitman

«Eu son Walt Whitman, un cosmos» —dixo il mesmo. «Walt Whitman, un cosmos», din os seus es6xetas Bucke, Trowbidge, Burroughs. Meteuse no noumenal curaz6n das cousas. Esmigallou seu esprito en tantas faragallas como oxetos hai, trasmutouse en total-as sustancias. Foi auga, foi electricidade, foi pedra, foi chao. Logo, xuntou as suas faragallas, tinguidas de todol-os sangues e volveu a ser. Mais xa non era o individuo «Whitman, o cosmos»

Es'amplitude espiritual, caracter6tica dos atlantes, dos homes da Coarta Raza, dir6a Blavatsky. Esa facultade de sel-o todo, de se desfaguer en todo, 6 atl6ntica; 6 nosa, 6 inglesa, 6 yankee. Emers6n so6nara c'un poema do Novo Mundo, c'un poema que recollera a nova civilizaci6n. Il reco6nceu n'unha carta a Whitman qu'iste poema era o «Leaves of grass» (follas d'herba).

Whitman recolleu i-amprificou toda a civilizaci6n americana. («Quero ser americano con total-as ventaxas e mail-os defectos da mi6a raza». (As Follas d'Herba son a oraci6n a Nosa Se6ora a Forza. I-esta 6 o eixe d'esa nova civilizaci6n. O yankee loita contra da m6quina, com'o pithecanthropos loitaba c'o mammoth nos vales tremantes da 6poca terciaria.

Hastr'o ano 1914, toda a l6rica do s6culo derradeiro e mais d'iste, vi6a de Walt Whitman. Il foi pai de Verkaeren, de Paulo Zweit, de Liliencron, de Carpenter, de Xulio Romains, de Duhamel, de Buzzi, de Marinetti, de Soficci, de Mar6a Ginnani, de Wriqh Kauffman.

(Vede: Bazalguette, «Walt Whitman; l'homme et son oeuvre». Albert Mockel, «Walt Whitman et Verhaeren» (Mercure de France, 1915). Donaldson, «Walt Whitman». Regis Michaud, «Mystiques et realistes anglo-saxons».)

...

## Un carballo na Luisiana

Vin un carballo que medraba na Luisiana.

Ergu6as'il solo i-o musgo penduraba nas rolas.

Medraba al6, sen ning6n compa6eiro, desplegand'as suas follas escuras e verdes.

Seu aire de braveza, d'inflexibilidade, de forza, fixome pensar en min.

Pensei coma poder6a desplegal-as follas tan ledas, ainda na soedade, sen ter a car6n un amigo.

(Ben sei que nono poder6a imitare).

Cavilando d'iste xeito, romp6n'l'unha

## A RAZA, por Castelao



—Coidades qu'è leite o que mama o rapaz? Non; é sangue.

pola, deixándoll'as follas i-o musgo pendurando d'ela.

Logo, ó irme, leveina comigo, até á miña cámara, ond'a puxen pra que se vira ben.

(Non é qu'eu precise da súa presenza pra me lembrar dos amigos);

N'istes tempos derradeiros non fago senón pensar n'iles).

Mais esta pola é pra min un símbolo sinxelo, faime cavilar no amore forte.

Inxente de todo inda qu'este carballo da froito, il solo n'un amplo espacio descuberto,

Botando un ano i-outro as suas follas ledas, sen ter a carón un amigo, un irmau quirido,

Comprendo e recoñezo que nono podería imitare.

WALT WHITMAN (*Leaves of grass*).

EUXENIO MONTES escribiu e traducíu.

## Advertenza

Pol-a falla de papel que houbo na Cruña, tivamos que xuntar n'este so-lo número o correspondente ao 25 do Nadal i-o dos primeiros de Xaneiro.

Faceremos canto de nós dependa pra que dita falta non poida repitíress.

Non foi culpa nosa, senón cousa de forza maior, da que moito nos lalamos.

### DIÁLOGOS DESAXEITADOS

## AS IDEIAS AVANZADAS

—Eu son mui avanzado, mui avanzado...

—Perdóneme vosté. Vosté non é quen pra sere avanzado nin mui avanzado.

—¿Cómo que non?

—«Avanzado é un participio pasivo, como «xantado», «partido». O sere «amado»—póñoos como decire—non depende de un mesmo, senón de qu'ó amen á un. Como o sere «partido», o sere «trabado».

¿Deciría vosté, no mesmo senso qu' «avanzado», eu son mui «trabado»? Non. O sere «trabado» non dependería da súa vountade, se nón da do trabador. E o sere avanzado, por tanto, non pende de vosté.

—Bueno. Eu teño ideas avanzadas.

—E decire: vosté pon as suas ideas n'un punto, n'unha meta ou n'un límite e deixaas alí —¿as probes!— facendo de participio pasivo?

—Entón ¿qu' é ó que son eu ou que crás d'ideas teño eu?

Meu amigo: vosté o saberá. Porque como as suas ideas están mui avanzadas é posibre que s'atopen mui lonxe de min ou das miñas ideas, que ven sere

o mesmo. Porqu'eu non son mais qu'ó que son as miñas ideas.

—¿Qué ideas ten vosté logo?

—As miñas ideas son avanzadoras.

Teu son un avanzadore. Avanzo sin me detere, sin tomare folgos como o camiñante qu'andan sin descanso.

Eu non son «andado», senón «andadore». Non son camiño pra que me anden: son camiñante.

—E ¿por qué anda, vosté?

—Pol-a vountade d'andar porqu'en min é eterno o desacougo. Ando pra coñecere. «Toda senda é un xardín»—dixo un poeta. «¿A ilusión de facere, ó camiñar, dó sendeiro un edén! ¿Vosté se non decata. Andare porque sí, pol-o pracer de andar.

—Oiga unha cousa. ¿E qué diferenxia hai entre «sere» y «estare»? Porque si eu son ó que son, as miñas ideas tamén son ó que salga da postura das miñas ideas. Si «estóu» morto, «son» un morto. Si «son» vivo é qu' «estóu» vivo. Si as miñas ideas «están» avanzadas é que «son» avanzadas. Son, pois, algo positivo.

—Positivamente. Son e son algo positivo. ¿Quén ó duda! Mais si «son» avanzadas ¿quén duda qu' «están» avanzadas?

—¿E qué?

—Que se trata non de ser, de ser positivamente, realmente, tanxibremén «é» e tamén «está». Hai o ser pasivo e o autivo. Millor dito: hai un soilo ser: o autivo, ó que deixa de ser en cada momento, o que n'este momento non é o que era fai un lóstrego. Unha columna non «é», «está». E si vosté tén ideas avanzadas, que son seres pasivos, é que non ten ideas. E si vosté non ten ideas vosté non é nada.

—¿Loge eu...?

—Si vosté quér ser, vivir, choutar, ten que deixar de ser todol-os momentos. Si o mundo non morresé todol-os segundos non viviría non tería vida. Ehi ten vosté á Lúa, eternamente morta por que non morre á cada instante.

—¿E as miñas ideas?

—Máteas vosté, pra que vivan.

Qu'ó seu cráneo seia com'unha pota d'auga fervendo, na qu'ó movemento do fervor sostense porque todol-os segundos morren moléculas d'auga, qu'estralan e desfanse en vapor. Si quér ter ideas ten que desfacer ideas á cotío, desfialas e rompelo fio. Porque lle non hai ideas enfiadas. Llo digo eu e créamo.

XAIME QUINTANILLA.

Suscríbese V. A NOSA TERRA

## REFLEISIÓNS, por Castelao.



—E cando veña o bolchevismo por acá, virá falando galego?

## Nuno Gonçalves i-a pintura galego-portuguesa do catrocento

### III

Fai pouco, n'unha carta a un amigo faláballe da importancia extraordinaria que ten a peneira. Nos nosos tempos pra quen se non queira luxar con certos contactos, a peneira é un dogma estético e moral. Cuasementes eu decía: Eiquí en Galicia tiñamos unha marca de peneiras escritiva na Península e que seica imos perdendo. Era o SENSO CRÍTICO. Hai que recuperalo.

Mais hai aínda quen ten unha peneira d'esas. Por eixemplo o Castelão. O Castelão a maiores de ser un artista é un crítico. Ten un xeito seu de velas cousas i-en 60 casos de 100 acerta. Non vos pareza pouco atinar. Na crítica d'arte a maoría trabúcanse sempre. Eixemplo Juan de la Encina. Hainos que cando atinan é que trascriben xuícios alleos. Eixemplo José Francés.

Pois o Castelão layábase unha vez de que nós no houbéramos tido primitivos. Pensaba que era a causa de non haber escola galega de pintura. Sentíase disposto a ser él o noso primitivo i-eu

penso que non iba descamiñado. Por que non sermos nós en todos os primitivos galegos? De feito nono somos? S'a non curanza dos nosos pais deixou-nos unha Galicia medio desfeita i-agora nós témola que faguer de novo—non somos nós os primitivos? Esí podemos faguel-o todo o noso xeito sen sostela epopea batracomomáquica dos futuristas italianos. Sermos creadores no século XX cando todo s'está desfaguedo—cando s'esfarelan as construcións de todos os séculos.

Millor fora qu'a pintura houbera nacido conosco, mais de non ser eisi millor fora qu'houbéramos tido primitivos na época en qu'houbéramos debido telos pór ruís que foran. Millor esto qu'andarmos a imitar ós pintores hespañoles. O peor é qu'haxa pintor galego que faga un cadro titulado «La novia del torero».

O feito é qu'houbou unha escola de pintura galego-portuguesa no catrocento (ruín no comenzo) chegando con Nuno Gonçalves o cume tan outo com'ó que

poideron chegar a italiana ou a flamenega—dende logo subiu moito mais enriba do que chegaron a castelá i-a mesma catalana. Agora imos ver se conven contar co-estes devanceiros ou convén non faguer caso d'iles.

De primeira intención, nós non podemos deixar d'estudiar a Nuno Gonçalves, inda que non sexa mais que coma documento de psicoloxía étnica. Impórtanos o de estética conxénita da xente atlántica que poda habere na sua arte. Ora, esto ten que ver co-a sensibilidade—coa «aprehensión» estética—non coa «realización» artística. Voume espicare: Unha mesma realidade ollada por homes de deferentes razas—a realidade «é a mesma oxetivamente» i-hastra se cadra en puridade «suxetivamente» pra todos iles. Mais cada raza «escolle» (escolma, selecciona) aspectos d'aquela realidade mais particularmente simpáticos—mais axeitados ós seus hábitos herditarios. O noso problema etnoestético é: que escolle a idiosincrasia galega na realidade!

Tocantes á realización artística xa non é igual. Hai eiquí unha imensa parte—o procedemento (técnica)—que pende do progreso dos tempos. Mais a técnica en moito «condiciona» a concepción da obra i-até a mesma sensibilidade. Na arte literaria a evolución pode vir dos troques nas ideas xeneiras das sociedades. En todas as outras artes a evolución sigue sómentes ós progresos da técnica. Y-hoxe en día a mesma literatura vai atrás das outras artes, facendo seus os progresos das artes plásticas: a pintura «cubista» foi a que trouxo todas as actuaes innovacións literarias.

Deixamos esto sentado. Agora o Castelão pensa qu'a pintura galega debe recellel-a tradición ond'a deixou Nuno Gonçalves—o que ven a ser que temos que volver a facelo camiño qu'a pintura fixo dendentón pr'acó. Se como Ruskin pensaba toda a arte europea d'end'o Renacemento foi un engaño, Castelão ten razón. Eu penso igual que Ruskin—mais non aprico esto a pintura. A pintura foi a única arte que «non renaceu» senón que se fixo no Renacemento, i-esto sen que a imitación das artes clásicas influira nin miga pra elo. O que trouxeron os Van Eyck, o que trouxo Leonardo de Vinci foron «adiantos técnicos». Fora d'Italia e Francia a pintura do Renacemento foi realista qu'era o que tiña que ser pra se ir facendo «pintura pura» deixando as anécdotas, os símbolos i-as intencións trascendentales. N'este senso non compre ir tan lonxe atrás da tradición.

Mais s'arrepamos en que Nuno Gonçalves é—mais aínda que os mesmos primitivos flamengos—un eixemplo escrito d'arte honrada e sinxela, s'arrepamos

que non emporca a súa arte con misturas de literatura nin de filosofía, nin emboba á xente con suntuosidades mintireiras—entón resulta qu'o estudio da súa maneira pode ser de moito proveito pra nós. Xa nonos deixaríamos engader por ningún Nestor—un atlante mouro saturado do mais ampuloso mediterraneísmo.

A pintura dos primitivos áchase mais perto da «pintura pura» do que a dos pintores que viñeron despois, no senso que vimos d'indicare.

Antes de pasar adiante, compre decir que s'entende por «pintura pura» (e coesto si que non vai estar conforme o Castelão). Considérase hoxe qu'a pintura non ten mais fin que recrear os ollos—sendo toda intención «espresiva» ou «docente» de calquera clás de todo allea á arte pictórica—cousa sobreposta que se ll'añide sen que perteneza ó seu campo. No meu «Preludio a toda estética futura» sostiven qu' o millor pintor sería o que conseguise efectos mais artísticos pintando asuntos insignificantes, por eixemplo «naturezas mortas». Os novos van moito mais lonxe: din qu' unha verdadeira pintura—unha «pintura pura»— «non debe ter asunto». A curanza do asunto, foi realmente a causante da perdición de moitos grandes artistas.

Agora ben, un primitivo—un Nuno Gonçalves por eixemplo—nunca está tan prisioneiro do asunto—apesare da fidelidade ó natural—como o está un pintore preocupado de producir efectismos.

Mais Nuno Gonçalves—como nos dí José de Figueiredo—non tivo somentes fidelidade ó natural senón que buscou unha especial ponderación das coores. En esto foi «pintor puro» anque no demais nono fose.

E isto da coor ten hoxe unha inmensa importancia. Hai unha tendencia a soparar xa pra sempre a coor do deseño. Hai pintores que se chaman «órficos» e «sincromistas» que pensan qu'a pintura debe ser somentes coor e qu' o deseño non sirve pra nada. Xa Whistler adiviñáralo i-entantes d'il o Greco. Eu penso que—das tendencias qu'están na extrema esquerda da arte contemporánea— esta é a qu'está chamada a mais fecundo porvire—mais aínda do que o cubismo qu'está fundado no deseño e pon de certo xeito á pintura mais perto da escultura— cando ó que debe tender é a s'arredar cada día mais d'ela.

Esto ten moitísimo intrés pra nós por estarmos nós especialmente dotados pra sermos cooristas. A natureza especial do chao e mais do ceo galegos ten que nos facer cooristas como o ceo dos Países Baixos i-o ceo do Véneto fixeron cooristas ós flamengos e mais ós venecianos.

Elo esplicaría o flamenguismo de Nuno Gonçalves anque Van Eyck non houbera estado en Lisboa en 1480. Por este lado tamén nós convén o estudio da obra do primitivo portugués.

Pra seguilo? Anque sexa. Millor imitado a il qu'imitar ó Greco. Esto si que non ten sentido. Ademais o que eu quixera que tivésemos pintura nova non é qu'eu pense qu'a pintura tradicional deba desaparecer. Grillaine Apollinaire di que:

Pintura pura: pintura tradicional: :  
múseca: literatura. E que do mesmo xeito qu'a múseca non fixo desaparecer á literatura tampouco a pintura pura fará desaparecer á pintura tradicional.

Eu quero pr'a nosa pintura tradicional unha «tradición galega» e non unha tradición teotokopulista ou zuloaguesca ou o que sexa.

Tocantes á pintura nova e revolucionaria penso aínda qu'a nosa tradición non ll'ha ser allea e que na disposición que temos pra sermos cooristas está o seu porvire. Por eso, se non temos mais que un cubista, Celso Lagar, i-un impresionista, Imeldo Corral, en troques estamos chamados a ter moitos órficos e moitos sincromistas.

VICENTE RISCO.

Ourense, Nadal 1919.

## CANTAR GALLEGO

(Conto)

Xolico era un bo rapaz, triste de por sí, beixote, de mirar melancónico, e bigodes roxos e caídos.

Tivo o coraxe de se casar por segunda vez, e tiña tres filliños; dous da primeira e un da segunda, moi bonitos e xos coma o ouro, pero porquifios que non había donde lles dar un bico.


De certo que isto non era culpa d-eles, que sabían emporcarse, mais non se sabían limpar; era culpa da nai, que lle tiña mais medo a auga que a un can doente. Non era fea; mais co aqueles pelos sempre engadellados, ia roupa a cair, era das que non dan coviza, i o home pode vivir tranquilo, porque non lla han de roubar.

Esta é a familia, que tiña unha dulcería na «Rúa Rial» de certa Vila.

Xolico era traballador «de lo fino», e facía unhas manteigadas, e unhas cañas, e uns canastrillos, e unhas oxaldres que se lambían os dedos. Mais o forte dele era os caramelos de xeito de pitillo; pra iso non había maus coma as de Xolico.

Cando se iba á dulcería e se mercaba outra cousa que non foran caramelos,

¿QUÉN SERA?..., por Castelao.



—O pedestal para o primeiro deputado galego aínda está valeiro.

decía ele asombrado:

—Entón ¿Non leva caramelos?

—Pra oxe non señor.

—¿Cómo? Non pode ser, ha levar media ducia que chuchen os rapaces, mire, mire decía chuchando nun, mire que ricos, son coma mel.

E despois de estar chuchando e pasarlle a língua todo ó redor, dáballle ó cliente para que chuchase, mais non había nunca quen lle quixese tan babado ofrecimento, i-entón metíallo pola boca ó primeiro rapaz quealcontrase a xeito.

Aparte dos caramelos, non había dulce que non trincara cando lle iban a mercar, e si este e moi rico, e si este e millor, cada dulce que vendía, denantes de ir ó cartucho, pasaba pola língua dele e chucháballle a creme.

Isto, e de por parte as mans, qui eran as tenacillas con que collía todo, e a falta de limpeza, ia porcallada que alí había, deu ó demo co a dulcería que no comenzo non tivo maus a medir.

¡Triste leición...!

Fixarse ben en isto, e vede como un bo choio pode sair furado, por falta do que non custa diñeiro; por la auga.

Que voso negocio, que voso casa, que voso corpo, reluzan sempre coma a prata

\*\*\*

A Xolico quedáballle unha casíña na aldeia, ieu vin como un día de sol fi-rente, cargaba os trastos vellos que lle quedaban, sobre de un carro de bois.

Os filliños ¡mal pocados! xogaban na

rua as monecas, eles non vían vir a fame, i-alleos á disgracia, rían a mais non poder, namentras os páis ían votando no carro os tatecos.

A xente miraba con tristura o ir e vir dos probes dulceiros, que votaban sobre do carro os derradeiros restos de cousas vellas que lle quedaban.

Era tanta a probeza, que aquilo estaba mais pra lle prender fogo que pra poñer unha casa.

—Váia por Deus, decían as xentes, ¡quén o había decir!, tan ben coma estaban... non che foi máis que pola morriña, non che foi outra cousa, si foran limpos non lle fuxía a xente...

O Xolico saca o último que lle quedaba na casa; era o carriño de xogar os nenos. Prendeuno atrás, ios pequenos que tal viron, metéronse dentro dele co as monecas.

—Papaie, nos queremos ir eiquí.

—Bueno meus meniños, mais ter coitado de non cair, agarrarse ben. Ti, María, colle o pequeniño no colo e vamos que se fai tarde.

—¿E dónde imos papaie? ¿Imos moi lonxe...?

—Imos facer o niño na aldeia que iste da vila desfixose todo..... agarrarse ben meus filliños....

Os nenos seguiron xogando as monecas no carriño, io pai levaba o pano a os ollos pra enxugar unhas vágoas...

¿Estamos?, dixo de pronto poñendo cara á nova vida; agarrarse ben meus pequeniños.

Anda Marele.....

Anda Pisco.....

I-alá van os probes, encollidos, cheos

de medo, o mundo, mirando os filliños... e lonxe, moi lonxe, sin saberse de onde ven, trai o vento un cantar....

Vaite lavar porcona,

Vaite lavar, lavar,

Si non che chega o río,

Vaite lavar ó mar...

XOSE PALACIOS.

Na Louriña (Porriño), 1919.

## Poetas estranxeiros

(De Liliencron)

Detlev von Liliencron é un d'os mais grandes poetas d'Alemania contemporánea. Cásique non ten ideas. Distínguese d'os demais poetas alemáns en que non hai n-él unha preocupación filosófica nin unha estética precisa.

E' poeta de imaxes—de imaxes metálicas, sonoras, cheas de movemento—de sensacións.

Diríase que no seu estro as mesmas ideas trócanse en sensacións. Foi militar, e revelouse como poeta xa entrado en anos. A vida de campaña, as formacións marciais, as longas marchas uniformes, a liturxia militar en todolos aspectos, deixaron un gran recendo e imprimiron unha influencia cinética nas suas poesías.

### DUAS MILLAS O TROTE

Bracea, coma quen sembra,  
ó trote, ó trote, o cabalo;  
rechina ó compás a silla;  
trepida o estribo ó paso,  
y-ó compás a barba oscila,  
trotando.

Rozam'unha rama verde;  
órtoa. Sombreiro abaixo.  
O trote, ó trote, na cinta.  
a verde ramiña planto:  
x'astá ben. Sombreiro arriba...  
trotando.

I-así satisfeito, ó trote,  
olvidando y-olvidado,  
o mundo atravesaría  
ó trote do meu cabalo  
até sair d'esta vida,  
trotando.

### MORTO NO TRIGAL

Entr'o trigal, xunto amapolas,  
tras do combate caíeu ferido.  
Entre d'os froitos desaparecido  
fai dúas noites que morre a solas.

Mais súa febre é compasiva;  
Como vivía alá na terra,  
no seu delirio quere que viva,  
e morre en paz, ferido en guerra.

E xa n-escoita toques marciais...  
Non son as armas do inimigo  
as que relocon cab'os trigales,  
¡senón as fouceas cortand-o trigo!

ROBERTO BLANCO TORRES.

## A Irmandá da Fala

### SAÚDO

¡Ou nobre xuventude de sangue rexa e forte,  
Coltivadora insigne da enxebre língua amada!  
Fás rexurdir do sono Galicia asoballada,  
A escrava terra meiga, dina de millor sorte;

Porparando a fouciña con aguzado corte,  
Pra empregar se se ofrece na lurda encarnizada  
Lantes de consentirdes a bandeira aldraxada  
Da voso xusta causa, loitades hastra a morte.

Ricibí, compañeiros, desta ilustre irmandade  
Unh'apreixada aberta deste sinxelo irmán;  
E cañdo con fé cega e firme voluntade

Limpemos de «vampiros» o galiciano chán  
Entoaremos-lo atruxo da santa libertade,  
Berrando: ¡¡Terra a nosa!! ¡¡País de Breogán!!

RAMON GOLPE SANCHEZ.

Nadal, do 19.

# Os meirandes Artistas galegos parolan con Correa-Calderón JUAN LUÍS

—Quen é vostede?

—Eu son Juan Luís, nado baix'o ceo bretemoso de Santiago de Compostela na cidade das pedras vellas e da choiva incansable, fai xa vint'e tres anos.

—Porqu' é vostede pintor?

—Pol-a soila razón que debían selo todol-os que o son: por istinto, por vocazón fatal é irresistible, que a través de todol-os obstáculos pasa a nosa vida car'a a un fin inconqueribel de beleza perfecta.

—Com'escomenzou vostede?

—Como todos: Xugand'a pintar nas marxes dos libros, nas páxinas brancas, en todol-os claros onde poidera correr

quenos. Os do porvir, aqueles que aínda non m'atrevo a soñar, volven a ser grandes, e quizabes finen parecéndome despois de conqueridos moi pouco ou nada.

—Que porpara, vostede?

—Unha eisposición das miñas obras. Pra que dar descriçións e nomes d'asuntos? O intrés na obra romatada, e tod'o qu'eu poidese dicir agora sería com'a descriçión d'un esqueleto, que non terá forma humán nin movemento até que no futuro a obra sexa unha realidade.

—Que conceito ten da pintura?

—Amo na pintura a beleza i-a sobrie-



un lápiz ou manchar un color. Sería inocente contar detalles que non teñen intrés mais que pra un mesmo, porque foron os mesmos pra todos.

—Lómbrase d'algunha anécdota dos seus comenzos?

—Os meus comenzos foron moito traballados e silenzosos, pra que as anécdotas figuren n-eles. E s'houbou algunha tan svaida e borrosa stá qu' é como se n'houbese socedido.

—Que trunfos conqueríu?

—Trunfos! Non sei o que son. Grandes ou pequenos no instante de chegar todos foron grandes. Cand'o tempo pasou sobor do seu recorde todos son pe-

quenos, a forza equilibrada i-a distinción sería do espírito. Detesto o chabacano i-o pretencioso.

—Cales son as suas normas estéticas?

—Emozón, emozón i-emozón.

—Cales son os seus mestres espi-  
tuais?

—E un, fillo espiritual de tantas emozóns feiticeiras que non me sinto con forza de facer unha lista que, dende logo, sería longa e poidera parecer pedante.

—Que opina vostede dos pintores clásicos?

—Non opino. Creio en Boticelli, en

Leonardo, no Greco e mais en Goya, coma nos meus deuses maores.

—Que pensa sobor dos grandes pintores autuaes?

—Conezo pouco da pintura contemporá universal; é xusgar sin conocimiento e sin base, paresme lixeireza imperdoabel. Dos pintores hespañoles d'actualidade penso que hai un movemento espréndido de mestres e de xóvens como n-un Rexurdimento moderno, sin que s'atope n-él, por fortuna, o desequilibrio e a estravagancia dos modernos iconoclastas antigos xá.

•••

Juan Luís é un dos artistas mais jóvens de Galiza i-é unha grand'spranza pr'o porvir.

C'unha arela d'alumiado i-unha acesa vountade, traballa no seu silenzoso estudo mosteiral de Santiago de Compostela, pñdo na sua obra unha fonda ilusión.

Na Eisposición Nazonal do 1917 seu descubrimento foi manífico.

O envío de Juan Luís era algo emocional, cheo d'inquietude e de serenidade de campía, ben diferente por certo das obras artificiaes e insinceiras d'outros artistas.

Por iso o seu «Florisel», marevillosa interpretazón pra Valle Inclán, cheo de candore inxénuo, sorprendeu un pouco, aínda sendo desconecido o nome eufónico d'aquel rapaz artista.

Stoncias foille dada por «Florisel» unha merecida recompensa.

Dend'aquel tempo, Juan Luís foi ponderando o seu arte, equilibrandô, facend'unha persoalidade mais e mais.

Juan Luís, quizabes pol-a influencia do paisaxe e do ambiente patrio no espírito, pinta as cousas i-a natureza c'unha primitiva sinxeleza, tal com' é ela mesma.

Agora, él dinos qu'as suas normas íntimas son: Emozón, emozón i-emozón.

Ant'os cadros d'iste novo e sinceiro nosoutros sentimos unha emozón pura e garimosa.

E a emozón da mesma realidade, ollada por un vidro craro e limpo.

Porque Juan Luís dános unha maína emozón, amostrándonos o encanto que teñen as rapaciñas, os nenos pastores, os paisaxes craros,—ô fondo como nos Primitivos—os costumes sinxeiros da nosa terra.

El pon nos seus lenzos istas verbas: «Emozón, emozón, emozón», mentras outros artistas convirten o arte en verbas, verbas, verbas...

I-o artificio das verbas e dos snobismos pasan.

Mais a emozón fica por unha eternidade.

## FERNANDO OSORIO

Este mozo é notabre actor, nado na Cruña i-educado en Lisboa, onde levou primeiro premio no Conservatorio d'arte portugués, axiña deixará a nosa Terra.

Aquí colleitou moitos aprausos e gabanzas. O mesmo pol-o seu talento artístico, que pol-a súa cultura e por ser home correito e cabaleiroso, samente deixa amigos e admiradores a feito.

Na «Irmandade da Fala» dou unha velada de despedida na que foi moi loubado.

Fernando Osorio, tomou parte na representación de «A man de Santiña» do



renial Cabanillas que se fixo cinco veces seguidas no xa desaparecido «Pabellón Lino».

Tamén dera unha conferencia sobr'o teatro portugués na «Irmandade» da Cruña e outra na de Betánzos.

Escribíu fermosos artigos n'este boletín. E inda fixo algunha obra teatral que se ten representado.

Coidamos que voltará a vernos dentro d'algún tempo. E que, como de perto, dende lonxe ha de seguir axudando a causa nacionalista en canto poida.

Todos sentimos fondamente a partida do querido irmao Fernando Osorio.

Terémol-o conosco no curazón.

## CARTAS DA ALDEA

Outra parvoadá mais que eu fixen e que, en castigo que me impoño, confesovos. N-este tempo de Nadal xunto na miña cocina a carón do lar a uns cantos veciños do meu lugar. O outro día deixei que viñesen o sancristán e mais un vinculeiro que temos aquí, que é suscriptor d'un xornal da Cruña i-está en moi boas relacións c'o alcalde do axuntamento, razón pol-a que está moi enterado das cousas que no mundo pasan i-en especial das políticas.

Pois ben, os meus homes tomaron asento nos escanos da lareira e pillaron a ampolleta pra non deixala en toda a noite. Hay que advertire que o sancristán e o vinculeiro son de ideas contrarias, este liberal e médeo libre pensador e aquel conservadore e maurista. Pol-o tanto un partidario e votante do cunheiro que disfroitamos e outro enemigo decrarado d'él. Tiña, pois, que xurdire a discusión, e coma era esta moi preto do lume, forzosamente acalorada. ¿Cómo comenzou? Veredes.

Goriño—; quen-o diría!—Goriño qui é un infelís labrego de non moita fartura, pro que olla con gran respecto, como é xusto, ás cousas da i-almá, encarouse c'o sancristán, esquecendo os respetos debidos a tan eclesiástica profesión, e coase enfadado faloulle da folga de cregos que se decrarou n-esta parroquia. A palabriña «folga» non agradou ao sancristán, inda que o certo é que a esta Irexia non ven cura ningun das parroquias veciñas non sei por que líos que hai antre eles; e indinado ceiboulle a frase mais terrible con que a un home se poide aldraxar n-estas terras: chamoulle «hirexe».

Entón foi cando o vinculeiro interveu:

—Goriño, di ben, pois non se veu endexamáis uns «autos» cantados por dous cregos sós, como pasou onte. E despois quèredes facere política «ultramontana».

Ao decir esta verba, o sancristán quedou pasmado e o vinculeiro abaneou a cabeza cheo de fachenda; e sigufu:

—Así está todo; o cura ao seu gusto, él soño, e as almas do purgatorio eramando por alivio. O diputado en Madrid facendo canto él pide, e nós aquí sen escolas sen camiños e sen nada.

—Mintes,—berrou o sancristán—dequia aquí fixo canto poido o deputado: Por él ganou o preito don Martiño; pomeou peatón a Ramón das Brañas e vai a tumbar con este axuntamento voso e por outro interino.

O vinculeiro brincou enriba do san-

cristán e tivemos que aseparal-os pra que non se matasen.

Fixenos calar e calmar, repartíndolles unhas castañas asadas e uns grolíños do Riveiro.

A Goriño díxenlle:

—Fixéchela boa, por causa tua houba d'haber mortes.

—Aí, me Dios non dera,—dixo él—e quen-o había de coidar.

E con desimulo fun botando fora aos meus invitados.

Agora non teréi mais tentacións de reunire no meu lar a estes veciños politiqueiros que padecemos por aquí.

Os de cote, Goriño e mais os espiritos do fogo, si é que volven, serán os meus compañeiros.

Espiritos homildes e sinxelos que temos que apartare d'estes doentes endiñados pol-o andacio da política de campanario.

Alcaldes, deputados, caciques, vinculeiros e sancristáns, deixádenos disfroitare a min e mais aos Goriños bós e sinxelos d'estos días de festas familiares; que voso alento non lixe a enxebreza do ambiente da terra e do fogar; que a vosa sorrisa non arrefie a morna dózura das nosas casinas, e non corrompas co' cheiro das vosas podres as nosas arumes de froldas ilusións.

Así prego devoto pra non volvere a ver na miña vela d'inverno a veciños contaxiados pol-o mal d'Hespaña; e pra vos, irmáns pido o mesmo.

O día de Noite-boa, Goriño e mais eu pudemos berrar espranzados: ¡Terra a nosa!

O sancristán e o vinculeiro apareceron mortos e abrazados n-unha corredoira. Dios queira que o exemplo se espalle pol-a Patria e sexa imitado por todol-os politiqueiros.

GONZALO LOPEZ ABENTE.  
Muxía, Festas da Nadal do 1919.

## Lembranza d'amore

*Ao finare o ano vello, en data tan sinalada com'a d'agora, cómprenos ter unha lembranza pr'ós bós irmaos que xa durmen o eterno sono na terra nai.*

*Lois Porteiro, Antón Chao, Oviedo Arce, Fiaño e Xurxo Parga.*

*Non os esquezamos, porque foron dos nosos.*



## Os poetas de Portugal

Versos inéditos enviados expresamente  
pra «A Nosa Terra»

### EMIGRADOS

Toledo. Funeraes de D. Quichotê.  
(Ou seja o enterro do senhor de Orgaz)  
Vamos descer á luz do mesmo archote,  
—vamos descer á cova em que ele jaz!

Olhai-vos bem! Quem ha que nao se note  
por entre a precissão que ali se faz?  
O grande assembleia, cujo mote  
foi sempre a guerra por amor da paz!

O grande assembleia! E nós descemos.  
Somos dum mundo já que não existe,  
—somos dum mundo que perdeu os remos!

Irmaos de D. Quichote macilento,  
O' cavaleiros da Figura-Triste,  
quando será o nosso enterramento?

ANTONIO SARDINHA.

### CONTOS CURTOS

## CONSELLO D'AMIGO

Cando viña agora pr'o turreiro al-  
contreime con Calros Larouco, que ó  
véreme aparecer pol-a congosta, botou  
á correr pra onda min.

—Estábate agoardando, Chuco—dixo-  
me cuasque co-as bágoas n-os ollos.

—Pra qué?—pergunteille,

—Pra pedirche consello.

—E logo qué che socede?

Qu'estou desesperado e que non sei  
se matar á miña dona, ou se matarme  
eu.

—Home, iso é serio e hai que pensalo  
moito.

—Por iso quero que m'aconselles.

—Pois fala, ho. Bota por isa boca pra  
fora, que coma non sexan máis que con-  
sellos, algún che podó dar. Se fora di-  
ñeiro, érache outro cantar.

—Tí xa sabes, amigo Chuco, que can-  
do me casei con Marcela, estaba tan  
anemorado d'ela, que se me dixera que  
non, era home de botarme d'un penedo  
embaixo.

—Congrio! Tí hoxe non falas máis  
que de matar ou de morrer.

—Eche o estado do meu esprite.

—Pois seréate, ho, seréate, que se  
non, estás a pique de que che dea algun-  
ha cousa.

—Non podó, porque o que me socede,  
non é pra rir.

—Destonces chora, pro conta.

—Deefachê que caseime con Marcela  
máis anemorado d'ela qu'un xumento.

—Fun testigo.

—Ben. Pois sigo tan anemorado da  
miña dona, como destonces.

—Iso é bó.

—Non tal; iso é o malo.

—Non ch'entendo.

—Digo qu'iso é o malo, porque s'eu  
non estivera tan anemorada com'estou  
da miña parenta que Deus confunda,  
non sentía da maneira que sinto o qu'  
acabo de descubrir.

—E qué foi o que descubriches?

—Que Marcela están enganando.

—Qu'estáte enganando!

—Sí, home, sí; estam'enganando;  
facendo traición. Por iso non sei se ma-  
tala ou matarme eu.

—Vamos por partes. ¿Cándo foi que  
descubriches iso?

—Onte á noite.

—E quen é el?

—Celedonio Corobelas.

Cando escoitei iste nome, púxenme á  
rir com'un parvo.

—Soyo faltaba iso—dixo Larouco mé-

dec enrañechado: qu'enriba bulráraste  
de min.

—Non, home, non—respondílle—,  
Non me bulro de ti, senón que me fixo  
gracia o teu descubrimento.

—Pois á min non me fixo nengunha.

—A min sí, porqu'iso éche tan vello,  
que xa lle non cham'a atenceón á naide.

—Logo tí sabíalo?

—Com'c sabe tod'a parroquia.

—Fai moito tempo?

—Catro anos, pol-o menos.

—E non me decíades nada!

—Pra qué? Tí, non sabéndoo, eras  
feliz.

—Mais agora, dendes qu'o sei, xa non  
podó sélo.

—Fai coma qu'o non sabes.

—E a xente, qué dirá?

—Non dirá nada, porque xa s'acosta-  
mou a ver qu'a tua dono e máis Cele-  
donio, enténdense.

—Mais eu non podó consentilo.

—Craro! coma eres tan animal, xa  
estás pensando n-unha burrada. O mi-  
llor que podés facer, é o que che digo:  
botar conta de que non sabes nada.

—Tí coidas qu'iso é o millor?

—Pois craro. Xa che dixen qu'agora  
naide fai caso d'iso. Se tí fas calquer  
cousa vólvese á falar d'isa andrómena;  
entérase a xente de qu'estiveches catro  
anos sin saber que t'enganaban, e que-  
das compretament'en redicólo.

—E cóma eu vou poder vivir con Mar-  
cela sabendo que me non é fiel?

—Coma viviches hastr'agora.

—Si, mais...

—Vamos a ver. Durante ises catro  
anos ¿faltouche algo de canto percisa-  
ches?

—Non.

—Tiveches de cote o almorzo, o xan-  
tar e mail-a cea ás tuas horas?

—Tiven.

—¿Andiveches algunha vez co-a rou-  
pa escalarada?

—Non.

—Pois destonces ¿qué máis queres?

—E o meu cariño?

—Notaches algún día que Marcela  
non te tratara co agarimo debido?

—Non.

—Pois, home, fai o que che digo, por-  
que se non, vas perder todo iso, y-enri-  
ba vaste poñer en redicólo.

—Tés razón, Chuco. E gracias polo  
teu consello, que me devolve a tranqui-  
lidá.

AVELINO RODRIGUEZ ELIAS.

No próisimo número:

Antón Palacios

ARQUITECTO

## ARTE POPULAR PRA ACOMPAÑAMENTO DE GAITA, O LONXE

O alcipreste do adro,  
canta cand'o bic'o vento.  
I-o meu curazón ó verte  
vais'enchendo de contento.

A auga vai caldaiña  
baix'os olmos da ribeira.  
Eu recordo miña xoya,  
cand'staba á tua veira.

No ceo da noite brillan  
centos d'estrelas ía lua.  
Ai, miña noiva lonxana,  
vou lembrand'a imaxen tua!

Inda me lembro de tí  
e gard'un recordo teu:  
Aquela sorrisa tua!  
S'alguen te quixo fun eu.

O rodicio do moíño  
Canta sempre a súa canción.  
Cál rodicio cantareiro  
o meu probe curazón.

Xa vai morrend'o día.  
Van as pombas pol-o ceo.  
Ai, miña noiva lonxana,  
ai, as pombas do teu seo!

Eu dixen que te quería  
e ti dixeché que non.  
Eu dixen que te quería  
sin sentil-o curazón.

Miña noiva, miña noiva,  
como record'aquel día!  
Record'o primeiro bico  
c'unha gran melanconía!

CORREA CALDERON.

## Prosas galeguistas

### Liminares

#### A

Tamén eu son universalista. Eu quixera que a intelectualidade galega se fixera tan xiquera europea—namentras se non fai supereuropea (neatlántica—superoccidental—gústame dicir tamén). Opoño esto á castellanización.

O imperialismo castelán foi hastra d'agora unha «muralla da China» posta antremedio de nós i-a Europa culta. Ó imperialismo castelán nonos deixou pertencer ó mundo civilizado. Galicia na Edade Media era Europa—Francia, Alemaña, Britania, Irlanda, Italia, Hungría, fecundábana en corrente continúa.

Temos que barrel-a barreira e reintegrar-o noso espírito no espírito da humanidade culta. Querénnos castellanizar, nós queremos europeizarnos.

#### B

Me non parece ben que teñamos que coñecer-a Europa en libros i en traducións castelás. Antre nós i-a humanidade culta non debe haber entremediaros. Achámanos nós mais perto do espírito europeo do que os libio-iberos do Centro e do Sul.

Temos que poñer-a cultura europea en galego e —contra da imposición á forza do castelán—propagal-o ensino das línguas cultas: francés, inglés, alemán, italiano.

#### C

Tres estrelas levamol-os galeguistas na i-alma. Euxerarquizoas n'este orde: Galicia-Europa-Hespaña.

Galicia.—Unha realidade natural— a nosa carne i-o noso sangue i-a nosa vida.

Europa.—Unha necesidade espiritual.  
Hespaña.—Unha simbiosis política i-económica.

Eu penso que os galégos—espiritualmente—somos e debemos ser europeos antes que hespañoes—que os valores universaes da cultura están por riba do interés do Estado—e que debmos cultivar antes o espírito europeo do que o espírito ibérico.

#### D

Hai quen nos chama separatistas e non arrepara que hai un «separatismo hespañol»—antieuropeo— que tende a nos arredar a todos do mundo civilizado—da espiritualidade moderna. Esta «xenofobia»—Menéndez y Pelayo Cejador i-ainda aínda Unamuno—tibetanismo espiritual de «pura cepa» castelá—fúndase no mesmo sentimento que quixera afogar pra sempre as arelas de rexurdimento da persoalidade das nacións ibéricas.

E nós non consertiremos en sermos «separatistas da Europa», coma non consentiremos en que nos quiten o noso enxebrismo.

#### E

Europeismo i-enxebrismo conxugados dan o «atlantismo» (superoccidentalismo—supereuropeismo).

Europa é unha ponte e mais un camiño. Querémonos assimilar os instrumentos de superación.

Por riba de todo ergueremol-o otlantismo com'unha bandeira «d'avantgarde».

VICENTE RISCO.

Ourense, Natal 1919.

## ¡Pol-a lembranza de D. Xán da Cova!

### O Esperanto outra vez...

Os sindicalistas hespañoes no seu Congreso de Madrí, acordaron facer do Esperanto o idioma internazonal, coma se se tratase d'unha língoa viva.

Negún filólogo ou home de ciencia, apoyaría ese acordo.

O Esperanto como língoa internacional auxiliar pra cousas comerciais e d'outros xeitos, no forma escrita, pode, quizais, ser útil.

Mais pra entenderse con él oralmente...

Houbo dous Congresos esperantistas que ficaron no fracaso. Pois os que por escrito entendíanse, ó falaren entre si, deixaron de se entenderen.

Porque os linguaxes artificiaes endexamáis lograrán impórse. Non era artificial o latín, e morret á man dos romances populares, cando xa se universalizara e se fixera n'él unha cultura rica e forte, pra canto mais o Esperanto.

O home non pode enmendarlle a prana á Natureza. As línguas axéitanse á lei do menor esforzo. As línguas son «cuestión da gorxa»—dixera a Pardo Bazán.

E si o Esperanto s'universalizara com'o latín, cousa imposible, samente esa universalización serviría de retroceso á cultura human. Pois axiña o novo idioma trocaríase en moitos bárbaros dialectos. E volta a emprincipiarmos. Igoal que nos tempos da Torre de Babel.

O chocante é que nin os bolcheviques rusos, con sere ruso o inventor do Esperanto, maxinaron facer-o seu idioma, como tampouco ingleses, franceses nin alemás.

Namentras a Natureza lo se troque n'un soilo clima, n'unha soila fauna e flora e n'un soilo ambiente...

### ENTRE PARENTESIS

## LUME NO PAZO...

Esnaquizado pol-as chamas foi o Casino de Santiago. O lume prendeu n'él e non deixou nada ergueito.

Inda que coma ese Casino de Santiago ficasen esnaquizados pol-o fogo tódolos de Galicia somellantes a aquel, ben pouco se perdería; inda mais: ganariase moito.

Todal-as cursilerías, tódalas parvadas, tódolos xeitos valdeiros, tódolos verbalismos rutinarios achan cultivadores n'eles. Son o mais odioso das nosas vilas e cidades.

Son os «panteós d'homos ilustres»—co-

mo o pobo os ten bautizado irónicamente; son tamén «Unións xeneraes de traballadores»—como dixo un grande humorista.

Tódol-os xefes de negociado, tódol-os que chuchan da nómina outa, tódol-os señores de orde, teñen asento n'esas sociedades. N'elas queirse sempre pôr no ridículo a tódol-os loitadores, a tódol-os rebeldes, a tódol-os que levan algo mais que palla no miolo e algo mais que cerche no curazón.

Se ardesen tódol-os Casinos de Galicia, tería de ser cousa de chamar ó gaitero, com'o pensaba aquel velliño petrucio das guedellas brancas, da poesía fermosa de Cabanillas.

A. VILLAR PONTE.

A PICORETE DOILLÉ  
CEIBAR O CHOYO

### O escándalo do Circo d'Artesanos

E tan escandaloso, tan abafante, tan abraiadore canto se relaciona co'a elección de Xunta do «Circo d'Artesanos» da Cruña, que merez sere tratado de xeito forte e con moita longura.

¿Pra qué os «picoreteiros» propuxeron unha candidatura sen consentimento dos distintos e respetabres señores que n'ela figuraban?

¿Por qué non se chama a nova elección de Xunta?

¿Por qué non da conta a Xunta vella da Memoria regramentaria e do estado económico da sociedade?

¿Por qué os xornaes cruñeses, néganse a publicare cousas xustas contr'os vellos administradores e directores do «Circo»?

¿Por qué «Picorete» e compañía, queren entregarlle ó gobernador as chaves da Sociedade?

—E que non hai socios do «Circo» que queiran formar un Xunta direitiva? E por qué habéndoos Picorete non quere que se forme?

¿Acabousebos a plataforma de figurós, picoreteiros! Chorade e layádevos. A cursilería que abafaba ó «Circo» e que fixo unha xeneración de rapazas e rapaces cursis e valdeiros, finou definitivamente. Pra honore da Cruña.

Falaremos, falaremos de todo esto canto seia preciso.

Vaya o aviso por adiantado.

### GALICIA

### e os «internazonalistas»

Os mesmos que se chaman internazonalistas, n'un senso nemigo das diferenciacións étnicas e xeográficas, reconocen,

forzados pol-a realidade, a eisistencia das persoalidades naturais.

Védeo moi craro. Agora, pra facer solidaridá c'os folguistas obreiros de Vigo, os traballadores da maoría dos pobos galegos pensaron iren á folga.


Este senso de solidaridá semente xurdeu en pobos galegos.

—¡ Non fica eisí renonecida unha vez

mais a persoalidade natural da Galiza, por riba de todol-os convencionalismos e ficcións internazonalistas?

Sempre a nosa Patria natural aparece xurdindo com'unha cousa viva e diferente das mais rexións hespañolas. Conforme dixera un día Besteiro: «inda con maior afinidade pra Portugal que pr'ó resto das terras ibéricas».

## O DIPVZADO POR VEIRAMAR NOVELA DE GONZALO LÓPEZ ABENÇA



Esta interesante e modernísima novela en idioma gallego, está posta a venda nas principais librería de Galicia.

PRECIO 3 REAS

## Compendio de Gramática Gallega

PRECIO 2 REAS

### VÉNDENSE:

Na Cruña. { Administración «A NOSA TERRA» }  
                  { IRMANDADE DA FALA. } Maria Pita, 77.

Ferrol. . . . Librería de Comadira.

Lugo . . . . { Id. id. Gerardo Castro.

                  { Id. id. Viuda de Alonso.

                  { Id. id. Angel Porto.

Santiago. . { Id. Editorial «Eco de Santiago».

Orense . . . Id. id. Viuda Pérez Resvié.

Monforte. . Id. Antonio Fernández Piñeiro.

**EFECTOS NAVALES**

— DE —

FERRER Y COMPAÑÍA—SUCESORES

**F. BERTRAN e MIRAMBELL**

**Vigo e A Cruña**

CASA FUNDADA EN 1868

Artigos xeneraes pra equipo da Marina Militar, vapores, barcos de vela e pescadores

**GRAN FONDA**

**Las Cuatro Naciones**

**San Andrés, 102—A CRUÑA**

O novo dono dista fonda, no seu deseio de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas.

Xántase ben, e os precios están ó alcance de todos.

**LA MODERNISTA**

**GRAN SALÓN DE BARBERÍA**

— DE —

**RAMOS E ACEA**

**San Andrés, 94-1.º—A CRUÑA**

Estabrecimento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todol-os aparatos higiénicos. Especialidade en lavados de cabeza, locíos e friciós de todas clases.

*Nota:* N'este estabrecimento atopará o público un servizo permanente a carrego dos seus propietarios, antigos dependentes das mais importantes peluquerías desta capital.

**LA SALUD  
CASA DE BAÑOS**

A MILLOR DA CRUÑA  
Avenida de Rubine, 22 (Riazor)

Abonos Químicos Mineraes  
Cementos, Sulfato de cobre, Azufres,  
Calo Bordalés ROUCH

Rexenerador ROSTTAM pra os animais debles; pra que as galiñas poñan mais hovers, etcétera.

Pídanse prezos e condizós a  
**Fernández, Fano y C.ª—A CRUÑA**

**Materiales de Construcción**

CEMENTO ASLAND  
MADEIRAS—CARBÓN  
Centro Xeneral de Seguros  
Ignacio Pedregal  
NA CRUÑA

**Gran H. Universal**

Rúa da Reina (da Rainha), 21—LUGO  
O MAIS NOVO E MILLOB

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todol-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

**Frábica Mecánica  
:-: de Calzado :-:**

— DE —

**ANXEL SENRA**

**RU A XUAN FLÓREZ**

Depósito: Cantón Grande, 15  
**A CRUÑA**

**Hotel Continental**

CASTELAR, 8 e OLMOS, 28  
O MELLOR SESVIDO

— DE —

**M. Losada Prado**  
**A CRUÑA**

**FARMACIA EUROPEA**

— DE —

**LOPEZ ABENTE**  
**REAL, 55**

A millor surtida da Cruña e un dos estabrecimentos da súa crase que mais honran a Galicia. Montada con arreglo ós derradeiros adiantos.

**COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

Servicios directos dende o porto da Cruña

O 31 d'Outono aprosimadamente e salvo continxencias, sairá para a

**Habana e Veracruz** o rápido paquete correo



**Prezos do pasaxe (incruído-os impostos)**

	Habana	Veracruz
Ponte paseo:		
Camarotes de luxo. . . . .	Ptas. 2.053'75	2.138'75
Id. esteriores. . . . .	» 1.668'75	1.753'75
Primeiracrase. } Ponte superior:		
Camarotes esteriores. . . . .	» 1.498'75	1.593'75
Id. interiores. . . . .	» 1.293'75	1.378'75
Ponte inferior . . . . .	» 1.293'75	1.378'75
Segunda crase. . . . .	» 1.103'75	1.088'75
Preferencia. . . . .	» 808'60	798'60
TERCEIRA CRIASE. . . . .	» 328'60	343'60

O día fixo de saída anunciaráse oportunamente. O pasaxeiro que desexe embarcar ten de remitire seguidamente o nome e mail-o importe do pasaxe, sen emprender viaxe hastra que teña a conformidade do Consinatario de que se lle reservou a praza. Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía. Para toda clás d'informos sóbor de datas de saída prezos do pasaxe e tipos de flete, dirixirse o seu Consinatario

**D. NICANDRO FARIÑA.—Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo**

Faise cárrago de toda cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así coma sellos de caucho

## A Papeleira Galega



## "PATENTE-SALVAVIDAS,"

O millor pra pintar os fondos dos barcos. Gannou Diproma de Honore, Gran premio e medalla d'ouro nas Exposicións de París e Londres.

REPRESENTANTE:

F. Bertran y Mirambell <sup>Vlgo</sup> <sub>Coruña</sub>

### Compra e Venda

de máquinas de coser de todos os sistemas.

Reparación e amañado das mesmas. Venda de pezas soltas, agullas e aceites.

Taller de relojería: Traballos especiaes para reloxeiros.

Dirixirse a

**MANOEL PELLEJERO**

San Andrés, 76 - baixo — A Cruña


## Gran Café da Marina

— DE —

**JOSE RODRIGUEZ de VICENTE**

Urzáiz, 11

**BAYONA**



## Compañía Chargeur Reunis

Pra os portos de MONTEVIDEO e BOS-AIRES, sairá da CRUÑA sobor do 9 d'Outono, o lixeiro e magnífico vapor

== TROUDE ==

Admite pasaxeiros de 1.<sup>a</sup> e 2.<sup>a</sup> crase e 2.<sup>a</sup> económica.

Prezo do boleto de TERCEIRA crase Pesetas 354'60

> medio boleto > > > 189'60

Nenos mais novos de dous anos, un gratis por familia.

De dous a 10 anos, pagan medio pasaxe. Maiores de 10 anos, pasaxe enteiro.

NOTA INTERESANTE.—As mulleres que leven nenos que non chegan aos 10 anos, chavadas pol-os seus maridos, non poder embarcaren pra BOS-AIRES si non presentan n'esta Agencia un certificado PRECISAMENTE do DEPARTAMENTO de EMIGRACION de BOS-AIRES, permitiéndolles de desembarcaren na REPUBLICA ARXENTINA. Non teñen valor algun, as cartas de chamada, autorizacións, nin poderes da los ante os Consúles hespañoles.

As mulleres que se atopen n'estas condicións e non presenten NECESARIAMENTE o dito certificado, non poden embarcar. Tamen teñen que presentaren o mesmo certificado os emigrantes que teñan MAIS de 60 ANOS e non vaian acompañados da sua familia.

O día fixo da saída anunciaráse con oportunidade.

Os pasaxeiros teñen de presentarse n-esta Agencia o día 5 d'Outono pol-a mañán,

Pra informes dirixirse aos Agentes Xencraes en Hespaña,

**ANTONIO CONDE (Fillos).—PRAZA d'OURENSE, 2—A CRUÑA**

# LA PROVEEDORA GALLEGA

DE


## Xuan Vázquez Pereiro

A millor fábrica de chocolates de Galicia, sita na Rúa estreita de San Andrés.--A CRUÑA

Irmans: si queredes estar sans e fortes tomade todol'os días unha cunca do rico chocolate que fabrica ista casa, e veredes como sin darvos conta estades ledos e traballades sin sentir o mais cativoiro cansancio, porque gozaredes de boa saúde.

¿Por qué é isto? porque os chocolates que fai ista casa, fânse cós millores productos i-a limpeza mais esquisita.

PROVADEOS E CONVENCERÉDESVO



**GRANDES TALLERES**  
DE LAVADO E PRANCHADO  
DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centraes:

A Cruña: Cantón Pequeno, 12  
Vigo: Praza da Constituzón, 12

Sucursaes na Cruña:

Estreita de San Andrés, 12  
Praza de Azcárraga, 4  
Sad Agustín, 22

Sucursal en Vigo:

Circo, núm. 5

Todal-as nosas sucursaes ostentan un letreiro como sinal, qu'é reprodución da marca de garantía eiqui estampada.

Recíbense encárragos de fora, y-espidense por medio das nosas sucursaes.

Si no lugar onde vostede reside non-a hay, sirvase manifestarnos seus desexos de mandárenos os seus encárragos.

## Os viños e coñás millores

son os qu'eisporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez Fronteira, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

## O vermouh mais selecto

de mundial e reconocido sona é o ZINZANO (Torino),

## Pra viños de mesa

non hay outros com'os dos cosecheiros eisportadores Señores R. LÓPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

Representante eisclusivo (matriculado) de todas istas marcas:

# JOSÉ C. JUNCOSA

Galera, 39 é 41-2.º piso.—A Cruña


# EL NOROESTE

## XORNAL DA CRUÑA

O millor informado da rexión galega

Longas conferencias pol-as Axencias

FABRA e RADIO (ultramoderna)



# LLOYD REAL HOLANDÉS

## AMSTERDAM

(KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD)

Viaxes rápidos ó Brasil e a Arxentina pol-os acretados vapores-correios.

## GELRIA, ZEELANDIA, FRISIA E HOLLANDIÁ

Saidas fixas-regulars da Cruña e Vigo, admitindo pasaxeiros de 1.ª, 2.ª, 2.ª intermedia e 3.ª clás

Pra informes respeito a datas de saidas e prezos de pasaxes dirixirse ó Axeute xeneral da Compañía en España

**D. Raimundo Molina e Couceiro**

CONSIGNATARIO

NA CRUÑA E VIGO